Ruta das Fragas de Catasós

Ven a disfrutar da sinfonía do bosque autóctono

Este roteiro permite coñecer na súa amplitude as Fragas de Catasós. As fragas son unha fermosa serie de masas arbóreas contiguas de bosque mixto caducifolio que se van sucedendo unha tras outra, e necesariamente deben ser consideradas como unha unidade, configurando un ecosistema propio e singular.

Así dende o outeiro do Coto van aparecendo fragas nos lugares de Portocelo, A Pereira, Penelas, Quiroga, As Zancas, Cardiego, Casas Vellas, e Cerredo. Incluso seguen aparecendo soutos e carballeiras cara o sur no Feal, en Medelo, e Viñoa, chegando estes espazos ata a ribeira do río Asneiro.



Fraga de Quiroga

A Fraga de Quiroga está declarada Monumento Natural dende o ano 2000 e está no catálogo de árbores senlleiras Galicia.

O roteiro pasa tamén pola tumba romana do alto de Vales, o Castro e a Igrexa de Catasós, o Pazo de Quiroga, a capela de Belelle, o Pazo de Donfreán e a Igrexa románica de Lalín de arriba.

Pazo de Quiroga